CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

# PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS

## DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA



## DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

**NOVEMBRO 2020**

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20200411136 |
|---|---|---|
| | JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23 | Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
| | DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020<br>ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139) | |

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)
opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

# PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS.

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO.
DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA. NOVEMBRO 2020

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

# PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS.

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA. NOVEMBRO 2020

O presente Documento para Aprobación Definitiva foi producido pola Oficina de Planeamiento, S.A. para o Concello de Monforte de Lemos, en desenvolvemento do contrato do servizo de redacción do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS.

O Documento dá cumprimento ao Informe previo á Aprobación definitiva previsto no artigo 75.1 e) da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en data 17 de xullo de 2020, relativo ao PEPCHA de Monforte de Lemos aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local en data 6 de xullo de 2020.

O que certifico en A Coruña, Novembro de 2020.

33197652G JOSE ANGEL VIÑA (R: A15030422)

Firmado digitalmente por 33197652G JOSE ANGEL VIÑA (R: A15030422)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Reg:15021 /Hoja:C-9268 / Tomo:1358 /Folio:165 /Fecha:11/07/2019 / Inscripción:11ª, serialNumber=IDCES-33197652G, givenName=JOSE ANGEL, sn=VIÑA CARREGAL, cn=33197652G JOSE ANGEL VIÑA (R: A15030422), 2.5.4.97=VATES-A15030422, o=OFICINA DE PLANEAMIENTO SA, c=ES
Fecha: 2020.11.09 14:48:06 +01'00'

Asdo.: Ánxel Viña Carregal

Registro Mercantil de A Coruña - Hoja 931 - Folio 163 - Tomo 225 - Libro 97 - Sección 3ª de Sociedades. CIF - A15030422

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20200411136 |
|---|---|---|
| | JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23 | Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
| | *DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020*<br>*ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)* | |

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23<br>*DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020*<br>*ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)* | **DOCUMENTO: 20200411136**<br>Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
|---|---|---|

**PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS**

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO. NOVEMBRO 2016

Os traballos de elaboración do Documento Ambiental Estratéxico do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS, foron realizados polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla e o economista Ánxel Viña Carregal, concluíndo a súa redacción en data 7 de novembro de 2016.

Os autores,

Asdo.: Alfonso Díaz Revilla
Arquitecto.

Asdo.: Ánxel Viña Carregal
Economista

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:41

**PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS.**

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO. NOVEMBRO 2016

ÍNDICE PÁX.


| | | |
|---|---|---|
| **1.** | **INTRODUCIÓN** | 1 |
| **2.** | **DIRECTRICES E OBXECTIVOS PARA A REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL** | 3 |
| **3.** | **ALCANCE E CONTIDO DO PLAN ESPECIAL. ALTERNATIVAS CONSIDERADAS** | 7 |
| 3.1. | ALCANCE E CONTIDO | 7 |
| 3.2. | DEFINICIÓN DE ALTERNATIVAS CONSIDERADAS | 11 |
| **4.** | **O DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN ESPECIAL** | 13 |
| **5.** | **CARACTERIZACIÓN DO MEDIO ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN ESPECIAL** | 15 |
| **6.** | **POTENCIAIS EFECTOS AMBIENTAIS DO PLAN ESPECIAL** | 19 |
| 6.1. | POSIBLES REPERCUSIÓNS AMBIENTAIS SOBRE O ESPAZO INCLUÍDO NA REDE ECOLÓXICA EUROPEA NATURA 2000 | 23 |
| **7.** | **INCIDENCIAS PREVISIBLES SOBRE PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS** | 25 |
| 7.1. | ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO | 25 |
| 7.2. | PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS | 27 |
| **8.** | **XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA** | 31 |
| **9.** | **XUSTIFICACIÓN DA SELECCIÓN DE ALTERNATIVAS CONSIDERADAS** | 33 |
| **10.** | **MEDIDAS PREVISTAS PARA CONSERVAR O MEDIO AMBIENTE** | 35 |
| **11.** | **MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN** | 41 |



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

*DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020*
*ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)*

**DOCUMENTO: 20200411136**

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:41

# 1. INTRODUCIÓN

O presente Documento Ambiental Estratéxico (DAE) é parte integrante do procedemento administrativo de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometido o Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos.

A entrada en vigor da "Ley 9/2006 sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente", que foi derrogada pola Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, introduce na lexislación española a avaliación ambiental como un instrumento que permite integrar os aspectos ambientais na toma de decisións de plans e programas, incorporando ao novo dereito interno a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001, e implica que a planificación urbanística deba ter como referente a utilización racional do territorio para compatibilizar o desenvolvemento e o dinamismo económico necesario coa cohesión social, o respecto ao medio ambiente e a calidade de vida das xeracións presentes e futuras.

Así, a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que o promotor do plan ou programa deberá presentar ante o órgano substantivo, xunto coa documentación esixida pola lexislación sectorial, unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada do borrador do plan ou programa e dun Documento Ambiental Estratéxico.

Con estes antecedentes, o Concello de Monforte de Lemos como promotor do Plan Especial subscribe este documento que dá resposta aos requirimentos establecidos na lexislación vixente, así como ao especificado pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; documento que servirá de punto de comezo do procedemento polo que o Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos se somete á Avaliación Ambiental Estratéxica.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41





DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

## 2. DIRECTRICES E OBXECTIVOS PARA A REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL

En relación ás políticas urbanísticas, a redacción do Plan Especial esixe explicitar algúns elementos conceptuais que expliquen a orientación cultural e metodolóxica que se pretende dar á tarefa de organización e definición das súas determinacións.

O conxunto de acontecementos históricos, culturais, sociais, económicos, arquitectónicos e urbanísticos que condicionaron a realidade física actual do Conxunto Histórico permite unha lectura rica e non lineal. A superposición de actuacións con reflexo físico é complexa e non é metodoloxicamente adecuado pretender basear os elementos de protección propios do Plan Especial sobre simples definicións normativas fixadas nun momento histórico e nunhas condicións socioeconómicas concretas.

Esta manifestación leva consigo a necesidade tanto de coñecer profundamente o pasado como de introducir na proxección do porvir cantos elementos de carácter urbanístico (na concepción máis ampla da expresión) condicionen hoxe o proceso de transformación e recuperación do conxunto histórico.

As normas que se substancien no Plan Especial téñense que formular polo tanto desde a comprensión desta complexidade na formación do conxunto histórico que, no caso de Monforte de Lemos, xerou un entramado urbano heteroxéneo onde cada unha das pezas presenta elementos específicos e diferenciais (O Burgo Intramuros, a expansión en Arrabal en ladeira, os lineais históricos, os Barrios de Carude e Ramberde, as formacións en torno ás rúas Cardenal e O Campo da Compañía, etc.).

Subxace a estas consideracións a lóxica preocupación de sumar aos medios propios da técnica urbanística propositiva e reguladora, dirixida á catalogación e preservación do patrimonio material, aqueles medios e medidas planificatorias que poidan propoñerse para contribuír á recuperación social, económica e funcional do Conxunto Histórico como centro urbano con referencia á propia cidade de Monforte de Lemos, pese a que a ausencia dun planeamento municipal actualizado suporía un obstáculo engadido.

En efecto, como espazo urbano perfectamente definido e caracterizado nas súas diversas trazas urbanísticas, o esforzo do Plan debe abrir unha reflexión analítica e propositiva fortemente centrada nos conceptos da recuperación urbana:

- Poñendo en valor a característica de centralidade e conseguinte potencial de atracción do conxunto a nivel urbano e comarcal, onde a súa condición de espazo urbano de excelencia se confronte a unha cidade que na súa expansión non foi quen de xerar novas sinais de identidade.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

- Conseguintemente, incentivando e enriquecendo a actividade económica (comercial, hosteleira e de servizos) nos seus aspectos cualitativos e relacionados coas funcións de centralidade.

- Extensivamente, implementando e programando o fomento e a difusión de iniciativas e axudas públicas de rehabilitación dirixidas a frear o baleirado das funcións residenciais, e a consolidar as funcións comerciais, á vez que poña en valor as singularidades das técnicas construtivas que se desenvolven no conxunto.

- Integrando os valores ambientais e paisaxísticos que representan os cursos de auga e a monumentalidade do Monte San Vicente no proxecto urbano como elementos diferenciais, e onde a valoración dos baleiros debe axudar a manter as súas características estruturais.

- Afrontando a problemática derivada do papel que o Conxunto Histórico xoga como espazo de distribución de fluxos na escala da cidade, e que leva nalgúns ámbitos a problemas de conxestión de tráfico e dificultade de mobilidade peonil, na escala da súa relación co resto da cidade, de tal xeito que se faciliten os procesos de osmoses entre pezas urbanas e dotacións existentes nos seus bordos.

- Complementariamente, poñendo o acento na reurbanización, acabado e amoblamento dos espazos públicos, congruentemente con unha maior énfase na mellora ambiental xeral interna na escala peonil.

É evidente que no aspecto da valoración intencionada do existente, a técnica urbanística non pode afastarse do xa experimentado noutros plans urbanísticos. Así, realízase a descrición de cada unha das unidades edificatorias, non só nos seus aspectos arquitectónico-formais ou tipolóxicos, senón tamén naqueles outros de carácter sociolóxico ou xurídico, matizando esta análise coa posición que ocupan en cada una das pezas en que se descompón este conxunto heteroxéneo.

O proceso de redacción do Plan Especial debe entenderse como unha aproximación sucesiva ao establecemento dun método, consensuado publicamente, de intervención no conxunto histórico desde parámetros de coñecemento do mesmo e actitude programática. De aí que as accións institucionais de exemplificación do método de intervención que se podan implementar teñan unha especial significación para un documento que non se propón como mera referencia normativa, senón como instrumento á par de protección decidida e de intervención positiva na mellora das condicións funcionais e formais do ámbito e na correcta proxección cara o futuro das



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

pautas históricas de comportamento formal que permitiron dispoñer na actualidade deste valioso conxunto urbano.

Por último a dimensión programadora será a que faga do Plan Especial un instrumento urbanístico non so regulador senón -e principalmente- un instrumento de intervención capaz de alcanzar obxectivos no proceso de rehabilitación integral, a partir da súa avaliación económica e consecuentemente dunha previsión orzamentaria -plurianual na súa concepción- á que se sumarán os recursos privados que se mobilicen no proceso de rehabilitación e as medidas de natureza fiscal e de fomento.

Asentadas con anterioridade as determinacións xerais que se refiren ao ámbito, e subliñado o dobre carácter do Plan: como Plan de Protección, en canto debe propoñer medidas destinadas a salvagardar o patrimonio cultural; e como Plan de Rehabilitación, en canto debe ordenar e programar actuacións dirixidas a recuperar e impulsar os valores sociais, culturais, económicos, ambientais, edificatorios e funcionais do conxunto; os **obxectivos xerais da ordenación** que se establecen serán os seguintes:

- **A salvagarda do patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e cultural**.

- **A recuperación do uso residencial e a actividade económica**.

- **A mellora das condicións de vida, evitando o deterioro da zona**.

- **A integración da zona no contexto funcional da cidade**.

- **A protección dos valores ambientais e paisaxísticos**.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41







DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

## 3. ALCANCE E CONTIDO DO PLAN ESPECIAL. ALTERNATIVAS CONSIDERADAS

### 3.1. ALCANCE E CONTIDO

Co presente Plan Especial preténdese establecer unha protección urbanística integrada no ámbito do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos, na liña do establecido a partir da promulgación da "Ley del Patrimonio Histórico Español" de 25 de xuño de 1985, e da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia de 4 de maio de 2016, que crean un marco para a protección dos bens culturais, xurdido á luz dos novos criterios emanados dos debates culturais, técnicos e políticos producidos nos anos 70 do pasado século e expresados nas Convencións e Recomendacións de distintos organismos internacionais.

Para os nosos efectos interesa destacar o feito de que as novas Leis do Patrimonio veñen a caracterizar ao plan urbanístico como o instrumento normativo para regular a protección dos conxuntos históricos. Iso supón o entroncamento da protección no marco global da ordenación urbanística e territorial e, consecuentemente, a reintegración ao Concello da súa competencia plena en materia de licenzas, sen outra excepción que o sometemento á previa autorización do organismo competente para as obras en determinados bens singularmente declarados.

Pero noutro sentido, as Leis comprometen mediante o planeamento urbanístico un nivel de determinacións que, afondando no alcance da protección física do Patrimonio, transcenden de tal contido para apuntar aos seus aspectos sociais, económicos e urbanísticos. Así os plans especiais dos conxuntos históricos haberán de dictar criterios de conservación de fachadas e cubertas; pero tamén prioridades de instalación de usos públicos nos edificios e espazos aptos. Catalogarán os elementos unitarios, tanto inmobles edificados como espazos libres, definindo os tipos de intervención posible; pero tamén contemplan a recuperación do uso residencial e das actividades económicas complementarias. Dispensarán unha protección integral para os elementos singulares e un nivel axeitado de protección para os restantes; á vez que se aceptan as remodelacións urbanas cando delas derive unha mellor relación do conxunto co seu contorno ou contribuían a evitar os usos que o degradan.

Pola súa parte, a lexislación urbanística veu a engadir, ás técnicas tradicionais de policía e fomento no tocante á conservación e protección, a técnica do planeamento. O seu carácter integrador de diferentes perspectivas e a súa adaptabilidade ás circunstancias concretas do ámbito territorial sobre o que opera, fan do Plan Especial un instrumento capaz de permitir unha intervención que incida nas bases mesmas dos procesos patolóxicos que ameazan ao patrimonio e aos conxuntos históricos.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

No entramado previsto de figuras de planeamento urbanístico pola Lei 2/2016 do Solo de Galicia, a figura do plan especial constitúe un instrumento de funcionalidade variada, que se caracteriza precisamente pola especificidade dos aspectos que aborda, co seu único teito na expresa prohibición legal de substituír ao Plan Xeral en canto instrumento de ordenación integral do territorio.

Os plans especiais aparecen, xa desde a súa propia orixe lexislativa, como especialmente axeitados para a articulación da protección, conservación e mellora, comprendendo obxectos que van desde a ordenación dos recintos e conxuntos histórico-artísticos ata a mellora do medio urbano; recollendo determinacións que van da regulación de composición e detalle dos edificios sitos en emprazamentos especialmente protexidos, ás normas necesarias para manter o estado das edificacións nos aspectos de composición e conservación; ou do uso e destino de edificacións antigas e modernas, á relación de dotacións urbanísticas e equipamentos comunitarios.

Resulta así que o marco lexislativo urbanístico contempla, en relación ao seu instrumental planeador, unha repetida atención e integración da problemática da protección e tamén da recuperación (mellora, valoración) do conxunto histórico, desenvolvendo unha figura extraordinariamente flexible de planeamento especial de detalle que -derivada do planeamento integral- acomódase á intervención máis directa, en relación aos aspectos de ordenación, protección, rehabilitación e mellora do medio.

Este instrumental de planeamento vén a complementarse cos catálogos dos elementos obxecto de especial protección.

Con este planeamento, veuse abordando a ordenación e intervención para a recuperación urbana das cidades históricas. Durante un longo período, a utilización do planeamento nas súas diversas figuras, ao obxecto da protección, adoptou formas varias en función das circunstancias concretas en que se debían desenvolver. A esta utilización do planeamento flexible e con criterios de oportunidade, contribuíron beneficiosamente a propia ductilidade do planeamento especial en canto os seus contidos e determinacións.

Deste proceso pódese concluír a identificación de distintos niveis do alcance da intervención sobre o Conxunto Histórico-Artístico desde o planeamento urbanístico:

- Un primeiro nivel de intervención de carácter xeral é o que se refire á definición dunha estratexia xeral para a recuperación de todo o Conxunto Histórico e na que se enmarcan as políticas de rehabilitación. As determinacións que a instrumentan referiranse á ordenación da estrutura xeral viaria, tendo en conta as actuacións sobre



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

o Conxunto Histórico; á regulación de usos, que permita a súa salvagarda funcional e produtiva; ao establecemento das medidas xerais de protección e conservación e do marco normativo necesario para o desenvolvemento das medidas indiferenciadas e xerais de rehabilitación do patrimonio edificado.

- Un segundo nivel de intervención desde o planeamento, é o referido á ordenación pormenorizada do conxunto histórico co tipo de determinacións propias do solo urbano en canto a asignación e regulación de usos, reservas dotacionais e libres, vialidade, servizos urbanísticos, etc., articuladas sobre unha análise sistemática das características da edificación que permitan unha cualificación correcta do solo, o deseño dunha normativa coherente cos caracteres de cada tipoloxía edificatoria, a identificación do tipo de intervención preferente en cada edificio, a catalogación axeitada do patrimonio edificado e a acertada confección da normativa de protección. Este nivel é o adecuado para a identificación das estratexias e accións de rehabilitación integral, e a el corresponde a confección do estudo económico-financeiro que permita avaliar os custos das diferentes actuacións propostas e identificar os axentes inversores.

Neste nivel de planeamento, que posibilita un coñecemento detallado da realidade física, social e económica do Conxunto Histórico, sitúase centralmente o Plan Especial de Protección.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20200411136 |
|---|---|---|
| | JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23 | Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
| | *DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020*<br>*ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)* | |

## 3.2. DEFINICIÓN DE ALTERNATIVAS CONSIDERADAS

Conforme ao establecido na Lei 21/2013 de avaliación ambiental, o órgano promotor debe definir unhas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, incluídas entre outras a alternativa cero, que teña en consideración os obxectivos e o ámbito territorial de aplicación do plan.

Conforme ao anterior, o presente documento establece as seguintes alternativas posibles:

Alternativa 0: Ou de inactividade que conlevaría a non aplicación de ningún plan de ordenación e polo tanto a continuidade da situación actual nas que se carece de normativa específica de regulación.

Alternativa 1: A redacción dun Plan Especial baseado no desenvolvemento das determinacións específicas de protección establecidas na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia no sentido de garantir a pervivencia do patrimonio arquitectónico catalogado e dos valores ambientais e paisaxísticos do contorno, co alcance propio dun Plan Especial de Protección dos regulados na Lei do Solo de Galicia.

Alternativa 2: A redacción dun Plan Especial que, baseado igualmente no cumprimento da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia en canto instrumento de protección, vaia máis aló da simple protección e articule políticas e programas a longo prazo de salvagarda, recualificación e rehabilitación do patrimonio construído, do medio ambiente e da paisaxe; homoxeneice o nivel de determinacións entre as diferentes partes do conxunto; e incorpore o espazo público como obxecto fundamental das súas accións.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23<br>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020<br>ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139) | DOCUMENTO: 20200411136<br>Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
|---|---|---|

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23<br>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020<br>ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139) | DOCUMENTO: 20200411136<br>Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
|---|---|---|

## 4. O DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN ESPECIAL

Establecida con anterioridade a categorización do plan especial na dupla vertente de Plan de Protección, en canto debe propoñer medidas destinadas a salvagardar do patrimonio cultural, e de Plan de Rehabilitación, en canto debe ordenar e programar actuacións dirixidas a recuperar e impulsar os valores sociais, culturais, económicos, ambientais, edificatorios e funcionais do conxunto, en ausencia de Plan Xeral de Ordenación Municipal que puidera establecer actuacións de remodelación urbana, o desenvolvemento previsible do Plan Especial é o de representar un instrumento marco para estas políticas de rehabilitación e protección sustentadas na valoración e mantemento da estrutura urbana actual fronte á súa substitución, na salvagarda do patrimonio arquitectónico, cultural, ambiental e paisaxístico; na recuperación do uso residencial e da actividade económica complementaria; na mellora das condicións de vida, evitando o deterioro da zona, e, por último, na integración da zona no contexto funcional da Cidade sobre a base da mellora do espazo público e as infraestruturas, e todo ilo na liña do establecido na vixente Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia que no seu art. 56 establece como obxectivo específico para o planeamento dos conxuntos históricos declarados BIC o mantemento da súa estrutura territorial, da súa significación cultural e características xerais do contorno.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41



















DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

## 5. CARACTERIZACIÓN DO MEDIO ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN ESPECIAL

Dende o punto de vista do caracterizado do medio este pode diferenciarse en dous niveis, o medio social e construído e o medio natural, paisaxístico e ambiental.

Dende o punto de vista do medio social e construído, e en ausencia dunha acción planificatoria específica, vénse desenvolvendo políticas de rehabilitación e mellora do espazo público amparadas en programas sectoriais, ben de carácter municipal, ben de carácter autonómico-estatal. Estas políticas, que no ámbito da rehabilitación se basearon no desenvolvemento da Área de Rehabilitación Integral a través da Oficina de Rehabilitación, e no que atinxe ao espazo público na intervención en espazos emblemáticos como o Campo de San Antonio e o contorno de Santa Clara, o Barrio de Carude, o Campo da Compañía, ou o Parque de Zapardiel, non foi quen de producir unha intervención sistemática e extensiva, o que determina a emerxencia dalgunhas sinais que marcan o camiño para afondar nunha estratexia de garantir a permanencia do conxunto histórico como ámbito central e de referencia.

Estas sinais serían:

- O deterioro da edificación polo lento proceso de rehabilitación e a ausencia de mantemento continuado, de tal xeito que dos 1.029 edificios que compoñen o casarío, a día de hoxe o 8,75% se atopa en mal estado e o 32,45% en regular estado, o que leva tamén a un alto nivel de baleiramento de vivendas, acadando o 42,37%, sendo especialmente significativo nas edificacións construídas con anterioridade a 1960 que acadan o 52,27%.

- A perda de poboación e o aumento da súa idade media, onde esta representa o 9,80% do total municipal cunha perda importante nos últimos anos pasando de 2.475 habitantes no ano 2000 aos 1.867 habitantes da actualidade, un 25% menos. Esta perda de poboación vai acompañada do incremento da súa idade media de tal xeito que na actualidade o 31% da poboación ten unha idade superior aos 65 anos, fronte ao 28,5% do conxunto municipal, e cunha importante porcentaxe de poboación dependente de servizos sociais.

- A diminución da actividade comercial e a necesidade da súa modernización, onde o 32% do conxunto de locais comerciais se atopan baleiros.

- A perda de calidade dalgunhas pezas do espazo público ben pola obsolescencia do seu deseño, en moitos casos priorizando o tráfico rodado fronte ao peonil e a



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

calidade ambiental, ben pola ausencia dunha actuación de renovación que aparte do deseño, tamén abrangue aos materiais utilizados, e do cal tan só se escapan algúns ámbitos emblemáticos.

Esta cuestión do deterioro das condicións do patrimonio construído e da perda e envellecemento da poboación vese agravada, aparte de pola ausencia dunha planificación integral municipal que estableza entre as súas prioridades o mantemento, conservación e protección do conxunto histórico en tanto peza central e representativa da trama urbana toda, polas singulares características topográficas de determinados ámbitos que dificultan as condicións de accesibilidade para esta poboación envellecida e polo tanto levan a acelerar o baleiramento deste casarío situado a media ladeira.

Agora ben, se estas condicións topográficas teñen unha singular incidencia no medio social e construído, tamén o son en sentido positivo en canto o que representa dende o punto de vista do medio ambiental e paisaxístico. Así, o Monte de San Vivente constitúe unha referencia e fito paisaxístico non só para a cidade de Monforte de Lemos senón para un amplo espazo territorial que se estende ao longo da chaira do río Cabe, aspecto este que se ve reforzado pola monumentalidade dos edificios situados no seu recinto (Convento, murallas, Torre e Pazo Condal), constituíndo simultaneamente un amplo miradoiro sobre a cidade en primeira instancia e o val máis aló.

A preservación desta condición de fito debe constituír un singular obxectivo do Plan Especial.

Xunto con esta condición topográfica que dota de valor paisaxístico ao contorno do Monte de San Vicente, a existencia de amplos espazos non edificados tanto na formación do arrabal en ladeira como nos lineais históricos constitúe outro elemento de singular valor ambiental a preservar, tanto polo que representa de espazo construído nos muros e socalcos de antigas hortas, como pola introdución de espazos arborados ao interior da Cidade Histórica.

A esta valoración do medio paisaxístico e ambiental tamén hai que unir aquela que se refire ao medio natural e que está constituído pola presenza da auga que fan de Monforte de Lemos unha cidade de ríos. En primeiro lugar o río Cabe, que divide en dous o ámbito do Conxunto Histórico, unidos a través da ponte medieval, e que presenta a condición de elemento integrante da Rede Ecolóxica Europea Natura 2000, nun treito de 87 metros de lonxitude situado ao sur do ámbito do plan especial, e sobre o cal o plan especial non establece determinación urbanística algunha.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

Xunto o río Cabe, outros dous regos conforman o sistema fluvial no ámbito, o rego Zapardiel que discorre polo bordo do parque do mesmo nome e o rego das Malloadas que desemboca no parque dos Condes.

Sobre este sistema hídrico, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil vén de establecer a través do seu Plan Hidrolóxico as áreas de risco de inundación coa definición das liñas da avenida de 100 e 500 anos, xunto co fluxo preferente que no ámbito do Plan Especial tan só afecta a espazos libres de parcelas lindeiras coas canles, e para o cal o planeamento debe establecer as necesarias cautelas conforme á lexislación sectorial.

Ao igual que no que se refire a medio construído, as actuacións de protección, valoración e acondicionamento se estenden ao conxunto do medio natural, ambiental e paisaxístico.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

## 6. POTENCIAIS EFECTOS AMBIENTAIS DO PLAN ESPECIAL

Segundo o establecido na Lei 21/2013 de avaliación ambiental, o órgano promotor debe identificar, describir e avaliar os probables efectos significativos sobre o medio ambiente que poidan derivarse da aplicación do Plan ou Programa.

Así, e de acordo coas directrices establecidas con anterioridade para a redacción do plan especial de protección, sustentadas na valoración e mantemento da estrutura urbana actual; na salvagarda do patrimonio arquitectónico, cultural e ambiental; na recuperación do uso residencial e da actividade económica complementaria; na mellora das condicións de vida, evitando o deterioro da zona; e, por último, na integración da zona no contexto funcional da Vila; **estímase que os previsibles efectos ambientais xerados pola actuación non son significativos**, todo o contrario, representan unha oportunidade de revitalizar a área de maior significación patrimonial da Cidade de Monforte de Lemos, e isto tanto no que se refire aos **efectos sobre a paisaxe urbana**, onde se manterá o actual perfil característico da súa implantación e se establecerán as condicións que sexan do caso para os efectos de supresión de impactos, así como a regulación das actuacións de soterramento de infraestruturas; para os **efectos sobre a mobilidade**, con predominio de fluxos peonís fronte aos rodados; e para os **efectos sobre o patrimonio cultural e ambiental**, onde se articula a súa protección mediante o establecemento dun catálogo e a regulación das actuacións autorizadas, e a preservación e mantemento no seu estado actual das marxes do río Cabe, parcialmente incorporadas á Rede Natura 2000.

Dito isto, a continuación enuméranse as variables sobre as que o planeamento urbanístico pode producir afeccións ou polas que se pode ver afectado.

- Paisaxe:

  Tal como se establece no presente documento e no borrador de Plan que o acompaña, o planeamento buscará a integración dos valores paisaxísticos representados polos cursos de auga e o Monte San Vicente e a integración do conxunto no contorno histórico, urbano e territorial, prestando especial atención ás tipoloxías edificatorias, aos medianís vistos, aos materiais das fachadas e pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arboredos, ao mobiliario urbano, á iluminación pública, aos tendidos aéreos e ao tráfico e aparcadoiros de vehículos.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

- Patrimonio natural:

  De cara á protección e conservación do patrimonio natural existente no conxunto histórico, o Plan terá en conta as características e elementos naturais existentes, en especial a inclusión dentro do ámbito do Plan do espazo natural protexido LIC Río Cabe no seu extremo sur occidental, para o cal deberanse ter en conta as súas singularidades no proceso de ordenación.

  Ademais, de acordo cos criterios establecidos, o Plan conterá un catálogo cos elementos de carácter ambiental e paisaxístico.

- Patrimonio cultural:

  O Plan incluirá unha análise pormenorizada das edificacións, espazos públicos e elementos urbanos nos que concorran valores arquitectónicos e/ou históricos, establecendo os graos de protección conforme ao establecido na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. A inclusión do patrimonio arqueolóxico no planeamento permitirá prever a zonificación de áreas de potencialidade arqueolóxica.

  Igualmente o Plan deberá incorporar as medidas necesarias para garantir a súa protección e conservación, así como promover a súa revitalización urbana, dotándoas das condicións urbanísticas e de relación co resto da cidade necesarias para reforzar o seu atractivo e carácter de espazo central.

- Ocupación do territorio:

  O Plan propoñerá determinacións específicas sobre as intervencións para rexenerar, dinamizar e enriquecer o tecido urbano; a delimitación de áreas de rehabilitación e conservación, o establecemento de áreas peonís e as actuacións sobre os espazos públicos e o equipamento comunitario.

- Economía e sociedade:

  O Plan analizará, mediante o diagnóstico da demografía, o emprego e as actividades económicas, as demandas de rehabilitación do tecido de actividades e do parque de vivendas.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23<br>*DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020*<br>*ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)* | **DOCUMENTO: 20200411136**<br>Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
|---|---|---|

- Mobilidade:

  Os problemas relacionados coa mobilidade -conxestión de tráfico, dificultade de mobilidade peonil e a accesibilidade- se terán en conta na elaboración do Plan, así como a creación de novas áreas peonís e de ordenación do tráfico rodado, dentro do alcance e marco competencial do planeamento.

- Ciclo hídrico:

  Estableceranse liñas de intervención dirixidas a integrar os cursos fluviais na ordenación proposta, en colaboración coa Confederación Hidrográfica, que deberán fomentar un uso sustentable dos recursos hídricos que garanta a calidade dos ecosistemas terrestres e piscícolas e permita o futuro aproveitamento deste recurso, tendo en conta os potenciais efectos das actuacións previstas sobre ciclo hídrico.





DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

## 6.1. POSIBLES REPERCUSIÓNS AMBIENTAIS SOBRE O ESPAZO INCLUÍDO NA REDE ECOLÓXICA EUROPEA NATURA 2000

Tal e como se ten comentado ao interior do ámbito do plan especial, coincidente coa Declaración do Conxunto Histórico-Artístico establecida mediante Decreto 187/2005 de data 16 de xuño, o río Cabe e as súas ribeiras constitúen unhas das zonas de contorno de protección delimitadas, tendo parcialmente a consideración de elemento íntegrado na Rede Ecolóxica Comunitaria Natura 2000.

Esta afectación á Rede Natura 2000 abrangue unha porción da canle do río dunha lonxitude de 87 metros, situada ao sur do ámbito, e sobre a cal o plan especial, en tanto planeamento urbanístico, non establece determinación algunha que poida afectar ás súas condicións naturais. E máis é sobre este espazo onde a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, en tanto organismo competente, vén desenvolvendo un proxecto de acondicionamento das súas marxes ata o núcleo de Piñeira.

Por todo o anterior, estímase que as determinacións do Plan Especial non teñen afectación apreciable algunha sobre o espazo incluído na Rede Ecolóxica Europea Natura 2000.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23<br>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020<br>ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139) | DOCUMENTO: 20200411136<br>Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
|---|---|---|



- - - ÁMBITO PLAN ESPECIAL
■ ÁMBITO REDE NATURA 2000



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23<br>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020<br>ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139) | DOCUMENTO: 20200411136<br>Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
|---|---|---|

# 7. INCIDENCIAS PREVISIBLES SOBRE PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS

## 7.1. ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO

As Normas Subsidiarias de 1985, que constitúen o planeamento en vigor para Monforte de Lemos, redactáronse co fin de reaxustar parte das determinacións das Normas de Planeamento anteriores de 1978, tal e como recolle a súa memoria. É dicir, mantiñan en vixencia a estrutura xeral e orgánica establecida polas anteriores Normas, co que foron concibidas como Revisión delas. A obsolescencia do instrumento de planificación e do modelo establecido é evidente, posto que nos máis de 30 anos de vixencia a práctica urbanística e de concepción dos instrumentos variou sensiblemente tanto desde o punto de vista legal como das técnicas urbanísticas en xeral.

En canto ao modelo de ordenación das Normas, estas identifican a realidade urbana da Cidade, para a que establecen o ámbito do solo urbano cualificado con algunha das sete ordenanzas establecidas, cunha delimitación lineal e tentacular en base aos viarios principais, incorporando territorios de orixe rural absorbidos polo seu desenvolvemento. Por outra banda, e en base a unha ampla delimitación de solo urbanizable de contorno, pretende ensanchar a planta da Cidade, consolidando os intersticios de esa estrutura lineal.

As Normas Subsidiarias, reaxustan o ámbito do Conxunto Histórico e de protección contido na Delimitación de data 22/02/1973, ordenándoo mediante unha ordenanza especial de casco histórico para as tramas de orixe e con outras ordenanzas para o resto do ámbito incluíndo matizacións especiais por ser tecidos de contacto (limitacións volumétricas). A modificación máis significativa entre ambas delimitacións é aquela que reduce o ámbito de protección establecido polo Decreto, co que durante os anos de vixencia do planeamento as licenzas concedidas no ámbito exterior, non foron sometidas a informe da Comisión Provincial de Patrimonio. Non hai que esquecer neste sentido que as Normas Subsidiarias aprobáronse con anterioridade á entrada en vigor das diferentes leis de Patrimonio, tanto estatal e autonómica. No ano 2005, -Decreto 187/2005, de 16 de xuño-, modifícase a delimitación do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos que agora se incorpora ao planeamento municipal cunha regulación especial.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41



- - - ÁMBITO PLAN ESPECIAL



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

## 7.2. PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS

. <u>Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia</u>.

As **Directrices de Ordenación do Territorio** presentan unha Hipótese de Modelo Territorial para o conxunto do territorio da Comunidade Autónoma en aras a preservar e potenciar aqueles elementos de identidade e de diferenciación e, ao mesmo tempo, xerar novas opcións que contribúan a reforzar o seu atractivo e as súas potencialidades.

As DOT tratan de dar resposta a obxectivos específicos de ordenación e coordinación territorial e achegar unha configuración e unhas iniciativas territoriais que permitan impulsar o proceso de cambio cara a unha nova etapa de desenvolvemento, e configúranse como un instrumento co que orientar os procesos de planificación e guiar aquelas intervencións que teñan incidencia sobre o territorio para ordenar os procesos de desenvolvemento.

No que se refire a Monforte de Lemos, as estratexias que deveñen das DOT pasan por exercer o liderado urbano no seu territorio, apoiado polas novas conexións viarias e o estratéxico nodo ferroviario, que aspira a converterse no porto seco de Galicia e centro do transporte de mercadorías. Igualmente as excelentes calidades ambientais do territorio de contorno inserido na Ribeira Sacra e nas áreas montañosas de Courel e O Incio, proporcionan á ben situada cidade de Monforte amplas posibilidades de desenvolvemento en base ás sinerxías que xeran a explotación vitivinícola e o excepcional valor dos recursos naturais como oferta.

Dentro dos seus obxectivos xerais e estrutura básica do modelo territorial, referido ao patrimonio cultural, establece unhas determinacións excluíntes relacionadas co conxunto-histórico que se refiren ao fomento e presenza do patrimonio cultural mediante medidas de protección e accións positivas para a súa restauración, rehabilitación e conservación, promovendo o planeamento urbanístico a revitalización urbana das zonas históricas considerándoas como espazos emblemáticos esenciais na imaxe da cidade e como ámbitos residenciais e de actividade que deben potenciarse, dotándoas das condicións urbanísticas e de relación co resto da Cidade, necesarias para reforzar a súa vitalidade e atractivo, obxectivos plenamente congruentes co enunciado no presente documento.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

- "Plan Hidrológico de la parte española de la Demarcación Hidrográfica del Miño-Sil, 2016-2021".

O Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil actualmente en vigor foi aprobado mediante o Real Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura, Júcar e Cantábrico Occidental, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Miño-Sil, Duero, Tajo, Guadiana, Ebro e Cantábrico Oriental, en cumprimento do artigo 83 do Real Decreto 907/2007, de 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Planificación Hidrolóxica.

O Plan hidrolóxico segue a estrutura formal recollida no artigo 81 do Regulamento da Planificación Hidrolóxica e está composto pola memoria, cos seus anexos correspondentes, e a parte normativa, e se acompaña de toda a documentación asociada relativa ao proceso de avaliación ambiental estratéxica levado a cabo conforme á Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Entre as súas determinacións está a delimitación das zonas de risco de inundación, coa indicación das liñas de avenida de 100 e 500 e o fluxo preferente, establecendo as restricións de usos que son do caso.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41



ÁMBITO PLAN ESPECIAL
T500
T100
FLUXO PREFERENTE

Fte.: Mapas de peligrosidad y riesgo de inundación. SNCZI. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

- Rede Ecolóxica Europea Natura 2000.

  Dentro do ámbito territorial que abrangue o Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos, inclúese un pequeno treito da zona de especial conservación ZEC ES1120016 Río Cabe, sobre o cal a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil executa actuacións de mellora e acondicionamento das súas marxes.

- Lexislación de Patrimonio.

  Dende o punto de vista sectorial o Plan Especial estará ás determinacións establecidas na lexislación de patrimonio, singularmente á Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, en canto ámbito declarado Conxunto Histórico-Artístico, e que en concreto no seu art. 55 regula a obrigatoriedade da redacción do presente Plan Especial.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23<br>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020<br>ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139) | DOCUMENTO: 20200411136<br>Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
|---|---|---|

# 8. XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

O artigo 6 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental regula o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica, diferenciando entre avaliación ambiental estratéxica ordinaria e avaliación ambiental estratéxica simplificada.

No caso do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico de Monforte de Lemos óptase pola avaliación ambiental estratéxica simplificada en base ás seguintes consideracións:

1º. O Plan Especial de Protección non establece o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental.

2º. A afectación ao espazo Rede Natura 2000 do río Cabe non é apreciable nos termos establecidos na Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

3º. A extensión superficial do ámbito, 69,18 Ha, é de reducida extensión si se compara a nivel municipal, 19.952 Ha, o que representa o 0,35% da superficie do Termo Municipal.

Pola súa banda o artigo 42.2.b) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, establece que serán sometidos a avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento, por establecer o uso a nivel municipal, de zonas de reducida extensión, como tal é o caso do presente plan especial.

Conforme ao anterior, queda plenamente xustificada a aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada ao Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico de Monforte de Lemos.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

## 9. XUSTIFICACIÓN DA SELECCIÓN DE ALTERNATIVAS CONSIDERADAS

Unha vez descritas en apartado anterior os posibles escenarios das alternativas consideradas, procede valorar e comparar sobre a base da súa aptitude previsible de cara á consecución dos obxectivos establecidos.

- Alternativa 0. Ou de non actuación non dá resposta aos retos que se formulan en relación á salvagarda do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos, tanto no que se refire á protección dos seus valores arquitectónicos, culturais ou ambientais e paisaxísticos, como de recuperación social e económica do ámbito, incumprindo igualmente a obrigatoriedade de redacción dun plan especial conforme ao establecido no art. 55 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

  Nesta circunstancia resulta axeitado rexeitar esta alternativa.

- Alternativa 1. Esta alternativa, de desenvolvemento das determinacións específicas de protección co alcance propio dun Plan Especial de Protección dos regulados na Lei do Solo de Galicia, se ben dá resposta ás variables de carácter territorial, esquece as de carácter social e económico, especialmente significativas nun ámbito da Cidade de Monforte de Lemos singularmente acaído, e que están intimamente vencellados ás políticas de protección.

- Alternativa 2. Esta alternativa de producir un planeamento que, sobre a base do cumprimento do establecido na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, articule unha estratexia integrada de recuperación do conxunto histórico, non só incide nas variables de carácter territorial senón que abrangue tamén aquelas que se refiren aos aspectos económicos e sociais, a través da formulación dun programa de rehabilitación a longo prazo, e aos aspectos ambientais, ao incorporar o espazo público como obxecto fundamental das súas accións.

A elixida como máis idónea é a **alternativa 2**, consistente na redacción do plan especial baixo as directrices enunciadas, toda vez que é a que mellor garante a revalorización e recuperación desta importante peza urbana, integrando as actuacións de rehabilitación nun programa estable no tempo para aumentar a súa coherencia espacial, e incorporando o espazo público como elemento fundamental das permanencias e onde producir unha importante intervención de modernización das infraestruturas urbanísticas e do seu tratamento superficial.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20200411136 |
|---|---|---|
| | JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23 | Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
| | *DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020*<br>*ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)* | |

## 10. MEDIDAS PREVISTAS PARA CONSERVAR O MEDIO AMBIENTE

A pesares de que a planificación proposta non mostra efectos ambientais significativos de carácter estratéxico, considérase axeitado a previsión de toda unha serie de consideracións e boas prácticas ambientais co obxecto de reducir, eliminar ou compensar os posibles efectos negativos que se poidan producir sobre o medio.

Estas consideracións serían as seguintes:

- PAISAXE:

  Criterio: **Fomentar a integridade paisaxística**.

  - Considerar a perspectiva global e integral da paisaxe. Seguiranse as definicións e criterios xerais recollidos na memoria das DOT.

  - Preservar, protexer e poñer en valor os compoñentes e elementos de interese que configuran a paisaxe, considerando as zonas de maior fraxilidade paisaxística.

  - Contribuír á recuperación dos compoñentes ou elementos que favorezan a mellora da calidade paisaxística e promover a restauración daqueles espazos deteriorados.

  - Considerar medidas específicas que favorezan a integración paisaxística das actuacións propostas na paisaxe existente.

- PATRIMONIO NATURAL:

  Criterio: **Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais**.

  - Promover a protección e valorización daquelas áreas ou formacións que presenten valores naturais de interese, singularmente o ZEC.ES1120016 Río Cabe.

  - Establecer zonas de transición que sirvan de amortecemento ante posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables e contribuír á continuidade física e funcional dos sistemas naturais tanto dentro do ámbito de estudo como fóra del.

  - Analizar a afección directa ou indirecta sobre os espazos recollidos na Lei 42/2007, na Lei 9/2001 ou en calquera outro incluído na lexislación reguladora de espazos naturais, flora e fauna.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

*DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020*
*ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)*

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

- Potenciar a relación humana coa natureza mediante a restauración e posta en valor dos diferentes elementos naturais, patrimoniais, culturais e identitarios.

- Fomentar a utilización dos recursos naturais de xeito compatible coas súas propias características e as da contorna inmediata na que se insiren.

- Promover a utilización de especies autóctonas, establecendo medidas para evitar a introdución de especies alóctonas ou invasoras.

- Realizar unha análise específica en relación á conectividade dos ecosistemas e biótopos no ámbito de influencia do planeamento, integrando os valores produtivos e a compoñente paisaxística.

- Prever os mecanismos necesarios para potenciar a conectividade ecolóxica do territorio, especialmente entre os espazos naturais protexidos, considerando como principais corredores os elementos do territorio que actúen de nexo entre os hábitats naturais e favorezan a distribución das poboacións de flora e fauna.

- Contribuír á eliminación de elementos ou infraestruturas que supoñan un efecto barreira sobre os movementos das especies faunísticas.

- PATRIMONIO CULTURAL:

  Criterio: **Preservar e valorizar os elementos patrimoniais.**

  - Identificar os elementos do patrimonio cultural existentes no ámbito do plan.

  - Promover a posta en valor dos enclaves de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico a través da incorporación no planeamento das medidas necesarias.

- OCUPACIÓN DO TERRITORIO:

  Criterio: **Minimizar o consumo do solo e racionalizar o seu uso.**

  - Fomentar a rehabilitación das edificacións existentes.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

- Favorecer a protección dos solos situados nas proximidades dos espazos protexidos, tanto naturais como patrimoniais, arqueolóxicos ou calquera outra protección ou espazo de especial valor.

- Identificar os posibles riscos naturais e tecnolóxicos no ámbito de planeamento susceptibles de causar danos ás persoas, aos seus bens e/ou ao ambiente.

- Establecer as medidas de prevención a adoptar polas actuacións urbanísticas segundo as características do medio físico e tipoloxía de risco.

- SOCIOECONOMÍA:

Criterio: **Favorecer o equilibrio entre a poboación e os recursos.**

- Valorar as necesidades asistenciais, sociais, educativas, de ocio e calquera outra necesidade destacable en función das características da poboación actual e futura e considerar as posibilidades no ámbito de influencia.

- Contribuír a un deseño dos espazos libres e de interacción coa natureza, coa cultura e coas persoas que sexan accesibles e de calidade.

- Favorecer unha paisaxe urbana de calidade integrando as novas actuacións na contorna na que se asentan.

- Promover o aumento das posibilidades de relación entre os habitantes mediante a creación de espazos de encontro de calidade, ben comunicados e con diferentes tipoloxías en función das características da poboación.

- Favorecer a accesibilidade aos servizos comunitarios, espazos de relación e aos bens patrimoniais ou naturais por parte de todos os colectivos, eliminando as barreiras arquitectónicas.

- Favorecer a participación nos procesos de planificación urbanística e toma de decisións que máis afectan á cidadanía.

- Reforzar a interacción do Concello con outras Administracións ou organismos.

- Favorecer a adopción de acordos para o desenvolvemento socioeconómico do Conxunto Histórico.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23<br>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020<br>ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139) | DOCUMENTO: 20200411136<br>Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
|---|---|---|

- Garantir unha dotación de equipamentos e infraestruturas axeitada ás necesidades económicas previstas.

- Reforzar as actividades económicas baseadas no aproveitamento dos recursos endóxenos.

- MOBILIDADE:

  Criterio: **Reducir as necesidades de mobilidade.**

  - Realizar unha análise das necesidades actuais de mobilidade.

  - Contribuír ao deseño dunha malla de mobilidade eficiente segundo as características do tráfico xerado e na que potencie a utilización doutros modos de transporte alternativos ao vehículo privado.

  - Prever a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte considerando as infraestruturas necesarias para cada unha delas.

- CICLO HÍDRICO:

  Criterio: **Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos**.

  - Identificar e caracterizar as masas de auga superficiais e subterráneas, así como as zonas protexidas definidas polo organismo de bacía correspondente.

  - Analizar a capacidade e calidade dos recursos hídricos para abastecemento e saneamento.

  - Estudar as afeccións existentes sobre as fases do ciclo hídrico derivadas do desenvolvemento do planeamento (modificación da rede superficial, alteración da calidade das augas superficiais e/ou subterráneas, incidencia no réxime de correntes, delimitacións de zonas con risco de asolagamento, etc.).

  - Favorecer a permeabilidade das zonas antropizadas de xeito que se favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico.

  - Estudar a cobertura da rede municipal de abastecemento e saneamento (localización dos sistemas de captación e vertido para o abastecemento e o



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

saneamento) e considerar a dispoñibilidade do recurso segundo as unidades de bacía.

- Garantir a capacidade do sistema de abastecemento tendo en conta a variabilidade estacional da demanda e dos recursos hídricos e considerando tanto o volume de auga bruta como a capacidade das infraestruturas e instalacións da rede.

- Garantir a capacidade do sistema de saneamento para as augas residuais de acordo coas características das mesmas e á súa orixe.

- Establecer determinacións para reducir os riscos de contaminación das fontes de abastecemento.

- Establecer determinacións que contribúan á redución no consumo de auga no conxunto histórico.

- Apostar pola eficiencia das intraestruturas e instalacións de abastecemento e saneamento.



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20200411136 |
| --- | --- | --- |
| | JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23 | Fecha: 07/12/2020<br>Hora: 07:41 |
| | DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020<br>ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139) | |

## 11. MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN

Establécense neste apartado actuacións que integran a planificación, a previsión dun sistema de seguimento que permita controlar os efectos sobre as variables de sostibilidade así como comprobar a incidencia real que cada actuación do Plan Especial ten sobre o cumprimento dos obxectivos e criterios ambientais establecidos nos diferentes ámbitos institucionais.

Neste sentido, o sistema de seguimento pretende establecer un mecanismo que asegure non só o axeitado cumprimento dos obxectivos e criterios ambientais, senón tamén a aplicación e efectividade das medidas preventivas e/ou correctoras propostas. A este fin, o plan establecerá un sistema de indicadores ambientais de seguimento medibles sempre que sexa posible, os cales proporcionarán información oportuna e precisa de cada obxectivo ambiental de vixilancia, sintetizando información e permitindo controlar, en diferentes períodos de tempo, o grao de intensidade do impacto e a eficacia das medidas preventivas e corretoras adoitadas.

O Plan de Seguimento Ambiental, establece os seguintes indicadores vinculados aos efectos que poden causar as diferentes actuacións do plan especial e o seu desenvolvemento. A continuación, preséntanse os indicadores que permitirán avaliar o grao de desenvolvemento do plan para cada unha das variables consideradas na avaliación dos efectos do planeamento.

PAISAXE.

**Puntos acondicionados para uso e aproveitamento da paisaxe.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Número de puntos con calidade escénica adecuados para uso público |
| Unidade de medida: | Número de puntos acondicionados |
| Fonte de datos: | Municipal |
| Método de cálculo: | - |
| Actualización: | Anual |

[2] http://www.siam.medioambiente.xunta.es/siam/index_indicadores.jsp.
[3] http://www.eea.europa.eu
[4] http://www.ine.es/prodyser/pubweb/desos/desos.htm.
[5] http://www.mma.es/portal/secciones/calidad_contaminacion/indicadores_ambientales/perfil_ambiental_2009/
[6] http://www.mma.es/portal/secciones/calidad_contaminacion/indicadores_ambientales/banco_publico_ia/index.htm



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

PATRIMONIO NATURAL.

**Espazos e áreas protexidas.**

| | |
|---|---|
| | Superficie (Ha) espazos e áreas recollidos recollidas nalgunha das categorías da Lei ID 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia e da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade así como os recollidos nos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no PEPCHA |
| Unidade de medida: | % |
| Fonte de datos: | Consellería do Medio Rural |
| Método de cálculo: | - |
| Actualización: | Anual |

PATRIMONIO CULTURAL.

**Adecuación para uso público dos bens patrimoniais.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Existencia de actuacións, instalacións ou infraestruturas para uso público do ben patrimonial. De xeito adicional, instalacións turísticas vinculadas ao ben patrimonial. |
| Unidade de medida: | Unidades |
| Fonte de datos: | Catálogo de bens patrimoniais do Plan |
| Método de cálculo: | Número de elementos do patrimonio con funcionalidade recreativa, turística, etc. |
| Actualización: | Revisión ou vixencia do Plan |

OCUPACIÓN DO TERRITORIO.

**Vivendas baleiras.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Número de vivendas baleiras |
| Unidade de medida: | % |
| Fonte de datos: | Censo de vivendas. INE |
| Método de cálculo: | N° vivendas baleiras/Na total de vivendas |
| Actualización: | Cada 10 anos |

**Edificacións rehabilitadas.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Mide a importancia da rehabilitación |
| Unidade de medida: | Unidades |
| Fonte de datos: | N de licenzas para rehabilitación de vivendas — Concello |
| Método de cálculo: | - |
| Actualización: | Anual |

SOCIEDADE.

**Evolución da poboación.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Avaliación da dinámica da poboación ao longo do tempo |
| Unidade de medida: | Número total do habitantes |
| Fonte de datos: | IGE |
| Método de cálculo: | - |
| Actualización: | Anual |



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

**Taxa total de emprego.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | A taxa de emprego defínese como a proporción de persoas ocupadas dentro do grupo de poboación con idade comprendida entre os 15eos64 anos. A súa evolución positiva asóciase con maiores niveis de cohesión social e calidade de vida |
| Unidade de medida: | % |
| Fonte de datos: | IGE |
| Método de cálculo: | N° persoas ocupadas/Nº persoas en idade activa |
| Actualización: | Anual |

**Crecemento vexetativo.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Permite medir o crecemento ou a regresión en termos de poboación |
| Unidade de medida: | Habitantes |
| Fonte de datos: | IGE |
| Método de cálculo: | Nacementos-defuncións |
| Actualización: | Anual |

**Accesibilidade a servizos públicos (abundancia).**

| | |
|---|---|
| Definición: | Informa sobre o número de dotacións totais (existentes e proxectadas) no planeamento en relación ao número de habitantes |
| Unidade de medida: | Número de habitantes por tipo de equipamento |
| Fonte de datos: | Equipamentos definidos polo Plan |
| | Nº de habitantes totais/N° de instalacións dun determinado tipo de equipamento Método de cálculo: (sociocultural, sanitario, etc.). Nota: farase o cálculo para cada un dos tipos de equipamentos |
| Actualización: | Revisión ou modificación do Planeamento |

**Accesibilidade a servizos públicos (distancia).**

| | |
|---|---|
| Definición: | Informa sobre a distancia de desprazamento para acceder aos equipamentos contemplados no PEPCHA |
| Unidade de medida: | m |
| Fonte de datos: | Equipamentos definidos polo Plan |
| Método de cálculo: | Distancia media entre instalacións dun determinado tipo de equipamento (sociocultural, sanitario, etc.). Nota: farase o cálculo para cada un dos tipos de equipamentos |
| Actualización: | Revisión ou modificación do Planeamento |

**Acceso é sociedade da información.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Porcentaxe de vivendas con Conexión de banda ancha (ADSL, RDSI, rede de cable) |
| Unidade de medida: | % |
| Fonte de datos: | IOE |
| Método de cálculo: | Nº de vivendas con acceso a banda ancha/Nº total de vivendas |
| Actualización: | Anual |



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

**Superficie de parques públicos e zonas verdes en relación ao número de habitantes.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Permite avalar a dispoñibilidade de espazos de socialización e ocio ao aire libre |
| Unidade de medida: | $m^2$/hab. |
| Fonte de datos: | Municipal |
| Método de cálculo: | $m^2$ zonas verdes/Nº habitantes censados |
| Actualización: | Revisión do Planeamento |

**Vivenda de protección.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Número de vivendas baixo algún réxime de protección |
| Unidade de medida: | % |
| Fonte de datos: | Municipal. IOVS |
| Método de cálculo: | Número de vivendas baixo algún réxime de protecciónIN2 total de vivendas |
| Actualización: | Anual |

<u>ECONOMÍA</u>.

**Déficit público adaptado á Administración local.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Déficit público ocasionado polos gastos correntes derivados do planeamento no tocante ao mantemento de infraestruturas (abastecemento, saneamento, etc.) |
| Unidade de medida: | % |
| Fonte de datos: | Contabilidade municipal |
| Método de cálculo: | <u>Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais</u> |
| Actualización: | Anual |

<u>MOBILIDADE</u>.

**Tipos de viario no ámbito urbano.**

| | |
|---|---|
| Unidade de medida: | Avalía a tipoloxía de infraestruturas viarias nos espazos urbanos naqueles Concellos pertencentes ao grupo de Rexións Urbanas, Areas Urbanas, e o Sistema Urbano Intermedio definido nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. Defínese como a lonxitude de cada tipo de viario: zonas peonís, uso preferente peonil, carrís bici, zonas 20, 30, 50, etc. |
| Fonte de datos: | Municipal |
| Método de cálculo: | Cálculo da lonxitude dos distintos tipos de viario |
| Actualización: | Anual |

**Distribución modal de mobilidade obrigada.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Emprego dos diferentes modos de transporte nos itinerarios de mobilidade obrigada |
| Unidade de medida: | % sobre o total de desprazamentos |
| Fonte de datos: | Concesionarias de liñas de transporte público; RENFE. Enquisa de mobilidade das persoas residentes en España (Ministerio de Fomento); datos municipais |
| | (Ni/Nt)*100 |
| | Ni: Nº de desprazamentos por modo de transporte |
| Método de cálculo: | Nt: N2 total de desprazamentos obrigados |
| | Os modos de transporte a considerar son: coche ou moto, autobús interurbano, tren, a pé e bicicleta |
| Actualización: | Anual |



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)
DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

**Relación entre o lugar de residencia e o traballo.**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Informa do alcance espacial da necesidade de mobilidade obrigada (laboral) |
| Unidade de medida: | % sobre o total de desprazamentos |
| Fonte de datos: | Enquisa de mobilidade das persoas residentes en España (Ministerio de Fomento); datos municipais |
| Método de cálculo: | (Ni/Nt)* 100<br>Ni: Nº de desprazamentos no conxunto histórico<br>Nt: Nº total de desprazamentos obrigados |
| Actualización: | Anual |

<u>CICLO HÍDRICO.</u>

**Abastecemento de auga municipal**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Avalía o consumo do auga subministrada pola rede de abastecemento municipal, así como as perdas rexistradas na redo do distribución. Considera o consumo total dos sectores doméstico, comercial o industrial, os equipamentos o servizos municipais. |
| Unidade de medida: | litros/(persoa equivalente*día) |
| Fonte de datos: | Empresa subministro |
| Método de cálculo: | Abastecemento diario (consumo doméstico+consumo industrial-consumo comercio+consumo equipamentos e servizos municipais+perdas da rede de distribución)/Nº habitantes |
| Actualización: | Trimestral |

**Saneamento de augas residuais**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Avalía a porcentaxe do poboación conectada a sistemas de saneamento |
| Unidade do medida: | % |
| Fonte do datos: | Concello; EIEL |
| Método do cálculo: | Poboación conectada á rede do saneamento/Poboación total |
| Actualización: | Anual |

**Emisións totais á auga por actividade económica**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Informa sobro o volume de emisións á auga xeradas pola actividade económica |
| Unidade de medida: | t/ano |
| Fonte do datos: | Rexistro estatal do omisións e fontes contaminantes |
| Método do cálculo: | Produción total do omisións |
| Actualización: | Anual |

**Número de puntos de vertido**

| | |
|---|---|
| Descrición: | Número do puntos de vertido a cursos fluviais. |
| Unidade de medida: | Unidades |
| Fonte de datos: | Inventario do vertidos do organismo do bacía |
| Método do cálculo: | - |
| Actualización: | Anual |



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)

DOCUMENTO: 20200411136
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:41

621100.00

4709650.00




ÁMBITO PLAN ESPECIAL

DECLARACIÓN BIC CONXUNTO HISTÓRICO

ÁMBITO ZONAS DE CONTORNO BIC

1 ZONA DE CONTORNO DE RAMBERDE

2 ZONA DE CONTORNO RÍO CABE

3 ZONA DE CONTORNO PRAZA DO PIÑEIRO

4 ZONA DE CONTORNO CARUDE

DECLARACIÓN BICs INDIVIDUALIZADOS

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

**PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS**

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

NOVEMBRO 2016

ESCALA A3 1/6.000
ESCALA A1 1/3.000

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

ÁMBITO PLAN ESPECIAL

PLANO Nº 1


DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006460000C4Y3X7G9H5Z6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:41:23

*DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020*
*ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411139)*

DOCUMENTO: 20200411136

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:41